




Distancia 3,5 km lineal
Dificultade: baixa

SAN SEBASTIÁN LAGOA DE OLIVES



Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2026

Unha ruta polo espazo protexido como LIC BRAÑAS DE XESTOSO, situado na zona centro-occidental de Galiza, en terreos de A Estrada (parroquias de Olives e Pardemarín), Silleda (parroquia de Xestoso) e Forcarei (parroquia de Meavía).


Un espazo de media montaña (entre 600 e 650 m de altitude) nos cumes erosionados que separan as cuncas do Ulla e do Umia. Extensas zonas de monte baixo, prados húmidos con brañas, algún bosque de umbría e unha lagoa (Olives).

O maior interese reside nas brañas e zonas húmidas onde se atopan especies pouco comúns.

O cume máis destacado é o **San Sebastián** (749 m).

As rochas dominantes son os xistos no norte e os granitoides alcalinos no sur.

Os cumes destes montes acumulan unha gran cantidade de auga nos terreos chans onde se forman brañas que que alimenten numerosos regos das cabeceiras do Liñares (Porto e San Martiño) e Chousa na vertente Oeste; Cervaniño e Escuadro (Toxa) na vertente leste, todos eles afluentes do Ulla; e Cerqueiros, afluente do Umia, na vertente sur.



Lagoa de Olives



PERCORRIDO

Na estrada entre Silleda e A Estrada, en Xindiriz (Silleda) sube unha pista que nos leva ata o cume do San Sebastián. Desde alí, por pistas e camiños da Concentración Parcelaria imos ata A Lagoa de Olives. A volta pódese facer polo mesmo camiño ou facendo pequenos desvíos para observar a paisaxe e outros detalles.



Lagoa de Olives



Cumes do San Sebastián

MONTE DE SAN SEBASTIÁN


É o cume máis alto da zona, con 749 m. Desde os cumes hai unhas vistas espectaculares de toda a área. Accedese desde Xindiriz (Silleda) ou Fraíz (A Estrada)



Cumes do San Sebastián



Vistas dede o
cume do San Sebastián



A vexetación máis común é o monte baixo onde abundan as xestas mouras, os toxos, os breixos,, a queiruga, a pereira brava e as carqueixas. Nos prados húmidos, brañas e turbeiras domina a vexetación palustre e nas pequenas manchas de bosque os carballos, bidueiros, castiñeiros, acivros, xilbarbeiras, fentos, arandos... tamén hai zonas reforestadas con piñeiros e eucaliptos.

As plantas máis comúns das brañas son os brións, molinias, violetas, hipérico da braña, parnasia, breixo das turbeiras, *Wahlenbergia hederacea*, xunca de algodón, árnica, rorellas, fálago, trevo das pozas, *Juncus*, *Carex*, *Ranúnculus*, *Hydrocotyle*...

Na fauna destacan a aves de matos e de espazos abertos. Neste espazo crían o sisón (*Tetrax tetrax*), e a curuxa das xunqueiras, aves escasas en Galiza. Nas zonas húmidas hai anfibios e unha grande variedade de insectos e arañas.



Breixo de turbeira
(*Erica tetralix*)

Braña





Estroza (*Hyla molleri*)

LAGOA DE OLIVES

Situada a 700 m de altitude en terreos do concello de Forcarei. Ocupa aproximadamente 1,3 ha. Fórmase por acumulación de auga da chuva e no verán chega a secar.

-Preto da lagoa de Olives hai un campo de mámoas chamado “Campo da Moa”.

-Segundo unha lenda o nome de Lagoa Sacra de Olives ten a súa orixe nunha batalla con moitos mortos, aos que botaron dentro da lagoa, e para que non houberese risco de profanación decidiron construír un muro arredor dela.



Xunca de algodón (*Eriophorum angustifolium*)

